

**Cofinanciado por
la Unión Europea****CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDADE ERASMUS +****PARA O CURSO ACADÉMICO 2024-2025**

A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia convoca prazas de mobilidade internacional no marco do programa Erasmus+ para o vindeiro curso 2024-2025. O programa ERASMUS é o programa da Unión Europea para a educación, formación, xuventude e deporte, aprobado para o período 2021-2027, trala boa acollida do programa durante o período 2014-2020.

O programa Erasmus+, dentro do campo da Educación Superior, abrangue distintas accións. Dende a ESAD-Galicia xestiónase a acción KA131: mobilidade de estudantes e persoal entre países do programa.

No tocante á mobilidade de estudantes, o programa Erasmus+ prevé dúas accións: a mobilidade con fins de estudo (para alumnado matriculado) e a mobilidade para realizar prácticas (para realizar en verán ou por alumnado que finalizou os seus estudos). A **mobilidade de estudos (Student Mobility for Studies – SMS)** consiste na realización dun período formativo nun centro de educación superior doutro país que estea en posesión da Carta Erasmus para Educación Superior (ECHE). Nesa estadía, os/as estudantes están exentos de taxas académicas no centro de acollida e, á súa volta, a ESAD de Galicia recoñece academicamente os estudos realizados. O programa Erasmus+ outorga bolsas que axudan a sufragar, parcialmente, os gastos derivados da mobilidade ata un máximo de 5 meses. A **mobilidade para prácticas (Student Mobility for Traineeships – SMT)** debe solicitarse no último ano de estudos para realizar a estadía no estranxeiro nunha institución ou empresa ao remate dos estudos.

Alternativamente, o alumnado que aínda non estea no último curso poderá realizar mobilidades de prácticas nos meses de verán, para que a súa traxectoria académica non se vexa afectada por estas. O programa Erasmus+ outorga bolsas que axudan a sufragar, parcialmente, os gastos derivados da mobilidade ata un máximo de 3 meses. O alumnado ten a posibilidade de realizar unha mobilidade a través do programa Erasmus+ sen financiación (bolsa cero) nos casos de que a institución de orixe non conte con fondos suficientes para toda as mobilidades solicitadas.

Respecto ás mobilidades do profesorado e persoal, o programa Erasmus + concede axudas tanto para **impartir docencia** (Staff Teaching Assignment - STA) en centros de ensino superior como para **recibila** (Staff Mobility for Training - STT). Tamén existe a posibilidade de asistir a aulas como ouvinte, tanto en centros públicos como privados ou empresas (Jobshadowing). Este tipo de mobilidade sempre será articulada dende o Departamento de Mobilidade e Transición, e nunca de xeito individual.

O Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), adscrito ao Ministerio de Educación, é a axencia encargada de xestionar en España todo o relativo ao Programa de Aprendizaxe Permanente da Unión Europea. Na súa páxina web pódese atopar toda a información relativa ao programa Erasmus + (www.sepie.es).

MOBILIDADE DE ESTUDANTES ERASMUS +

1. REQUISITOS XERAIS PARA A PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA

1.1 Requisitos:

- O/A estudante que solicite unha bolsa para o curso académico 2024-2025 deberá:
 - Estar matriculado/a na ESAD de Galicia no curso 2023-2024.
 - Ter aprobadas todas as materias de 1º curso. (No caso das persoas de 1º curso, poderán anotarse á convocatoria, contando a media do 1º cuadrimestre e tendo a premisa de aprobar todas as materias no 2º cuadrimestre. No caso de non cumprir esta premisa, perderá a condición de bolseira/o, pasando a seguinte persoa na lista de agarda).
 - O alumnado que queira realizar un 5º ano na modalidade de estudos non poderá rematar todas as materias do seu programa de estudos antes de partir cara o centro de destino. Este poderá deixar o TFE e realizalo posteriores á súa volta da mobilidade.
- O/a estudante deberá ter coñecemento do idioma esixido no centro de destino.
- Presentar toda a documentación precisa para esta convocatoria (ver apartado «solicitud») dentro dos prazos establecidos (do 30 de novembro de 2023 ao 14 de xaneiro de 2024).

1.2 Orientacións e consideracións

- Terá prioridade o alumnado que teña aprobado o curso anterior ao inicio da mobilidade.
- Terá prioridade o alumnado que estea a finalizar os seus estudos.
- O tempo máximo de mobilidade do programa Erasmus+ sumando estudos e prácticas, non poderá exceder os 12 meses.

2. DESTINOS

2.1 Estadías en centros con Acordo Interinstitucional.

As estadías SMS (mobilidade de estudantes para estudos) só poderán realizarse nos centros cos que a ESAD de Galicia ten un acordo. Pódense consultar os centros con acordos na seguinte lista (o mapa é orientativo xa que algúns acordos están en tramitación).



*Consultar a listaxe de acordos inter-institucionais asinados
pola ESAD con outros centros dentro do Programa Erasmus +.*

Mapa especialidades de Institucións con IIA

Interpretación

- Universidade do Minho (Portugal)
- Andolu University (Turkía)
- Dogus University (Turkía)
- Vilnius Collegue of Design (Lituania)
- The Academy of Performing Arts (República Checa)
- Latvian Academy of Culture (Lituania)
- SZFE (Hungría)
- JAMU (República Checa)
- KUG (Austria)
- Escola Superior Artística do Porto (Portugal)
- Instituto Politécnico de Coimbra (Portugal)
- UTAD (Portugal)
- ESMAE (Portugal)
- American Collegue (Dublin)
- ESTC (Lisboa)

DD

- The Academy of Performing Arts (República Checa)
- SZFE (Hungría)
- JAMU (República Checa)
- ESMAE (Portugal)

Escenografía

- National Academy of Arts (Sofía)
- The Academy of Performing Arts (República Checa)
- JAMU (República Checa)
- KUG (Austria)
- ESMAE (Portugal)
- ESCT (Lisboa)

2.2 Institucións sen Acordo Interinstitucional

Existe a posibilidade de crear un acordo con centros novos. Nestes casos, o/a participante porase en contacto co departamento de Mobilidade e Transición para a tramitación do mesmo con suficiente antelación.

3. DURACIÓN DA ESTADÍA

Poderá ser de só un cuadrimestre ou ben dun ano académico completo, se ben a dotación económica por parte do programa Erasmus + só será para cubrir os gastos ata un máximo de 5 meses para SMS (Student Mobility for Studies) ou 3 meses para SMP (Student Mobility for Placement).

No caso das mobilidades de curta duración, establécese un período de 5 días para cada mobilidade (tanto de estudos como de prácticas) ao que terá que engadirse un compoñente virtual obrigatorio. Este compoñente consistirá en docencia ou formación adicional previa ou posterior á mobilidade, e terá que ter un mínimo de 3 créditos ECTS.

4. FINANCIAMENTO

A bolsa Erasmus+ ten como finalidade axudar a cubrir os gastos do alumnado no estranxeiro. A contía recibida será a correspondente segundo indica a táboa seguinte:

	País de destino	Importe mensual en EUR para estudos	Importe mensual en EUR para prácticas
Grupo 1 Países do programa con custo de vida máis alto	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Suecia	350	500
Grupo 2 Países do programa con custo de vida medio	Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	300	450
Grupo 3 Países do programa con custo de vida máis baixo	Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia, Turquía	250	400

O Ministerio de Educación e a Xunta de Galicia tamén conceden axudas complementarias aos/ás bolseiros/as Erasmus, unha xeral pola súa condición de bolseiros/as Erasmus e outra específica a quen o curso anterior (2023-2024) tiveran a condición de bolseiros do Ministerio de Educación. Neste caso, o alumnado recibirá unha axuda adicional de 250€ mensuais. O alumnado de prácticas poderá recibir adicionalmente unha axuda complementaria de 150€ mensuais.

O alumnado que decida realizar a viaxe ao destino Erasmus+ a través dun medio que consuma

menos recursos (autobús e tren, entre outros) terán a posibilidade de recibir 50€ adicionais en concepto de viaxe ecolóxica. Para iso, terán que xustificar a viaxe por medio dunha declaración responsable e aportar os billetes do transporte utilizado.

Existe a posibilidade de realizar unha mobilidade sen dotación económica (Bolsa 0), na que os estudantes levarán a cabo a súa mobilidade en igualdade de condicións que os alumnos subvencionados pero sen recibir fondos da UE.

No caso das mobilidades de curta duración, a contía será de 79€ por día entre os días 1 e 14 da mobilidade e de 56€ por día entre os días 15 e 30 da mobilidade. O alumnado que reciba a bolsa do Ministerio de educación o curso anterior á realización da mobilidade (2023-2024) recibirá adicionalmente 100€ se a duración da mobilidade é inferior a 15 días e 150€ se é superior ós 15 días. Estas condicións son de aplicación para mobilidades tanto de estudos como de prácticas.

5. SOLICITUDE: DOCUMENTACIÓN, SELECCIÓN E ACEPTACIÓN/RENUNCIA

O/A estudante que desexe participar nesta convocatoria deberá cubrir o formulario online, dispoñible na páxina web da escola, no que deberá achegar a seguinte documentación:

- 1.- Currículo actualizado con fotografía.
- 2.- Certificado Oficial de idiomas requirido polo centro de destino: soamente serán considerados títulos oficiais da Escola Oficial de Idiomas ou similares, ademais dos títulos de grao en Tradución e Interpretación, filoloxías e similares. O título de bacharelato non servirá para certificarningún nivel lingüístico.
- 3.- Carta de motivación. Esta deberá estar dirixida ó centro de destino e será escrita na lingua falada no país de destino ou na lingua na que se impartan as clases.
- 4.- Tarxeta Sanitaria Europea: O alumnado que solicite unha mobilidade nun dos países do programa terá que achegar a TSE ou o xustificante da súa solicitude. Para a mobilidades onde a TSE non teña cobertura, o alumnado terá que contratar un seguro antes da realización da mobilidade.
- 5.- Autorización de uso de imaxe/datos: O alumnado terá que entregar o modelo dispoñible na web da Esad-G indicando se autoriza ou non a que se usen os seus datos para contactar con futuros/as estudantes de intercambio e/ou a súa imaxe en redes sociais.

A institución de destino podería solicitar información adicional, como:

- Para as especialidades de Dirección escénica e dramaturxia e Interpretación, poden solicitar material audiovisual(video-book, photo-book, páxina web ou similar).
- Para a especialidade de Escenografía, poden solicitar un portfolio ou carpeta de traballos.
- Entrevista persoal online.

Aquelas solicitudes que non sexan presentadas pola vía indicada e dentro do prazo establecido non serán tidas en conta. O alumnado que non realice un seguimento regular co departamento de Mobilidade e Transición en canto á súa mobilidade Erasmus+ será considerado como

renuncia. Considerarase que o alumnado non realiza un seguimento regular cando pasen 15 días naturais sen comunicación trala aceptación do destino ou tras recibir a resposta do centro de destino.

A selección das candidaturas será realizada polo Departamento de Transición e Mobilidade e aprobado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica formada polo Xefa de Estudos, as xefaturas dos departamentos didácticos e non didácticos da escola.

A selección dos aspirantes farase en función de:

- Número de mobilidades concedido dende o SEPIE á ESADg para o 2024/2025.
- Número de prazas ofertadas polo centro de acollida.
- Así como dun baremo no que se terá en conta:
 - Nota media do expediente académico do alumno/a. (máx. 4 puntos)
 - Nivel de coñecemento do idioma requirido polo centro de destino e acreditado có certificado oficial de superación de exame ou proba do nivel segundo o Marco de Referencia Europeo (MERC). (máx. 4 puntos)
 - Carta de Motivación do participante. (máx. 1,5 puntos)
 - Voluntariado (máx. 0,5)

Baremo de puntuación das solicitudes:

Nota media do certificado académico na ESAD-Galicia		
	6 - 6,99	0,5 puntos
	7 - 7,99	2 puntos
	8 - 8,99	3 puntos
	A partir de 9	4 puntos
Certificados oficiais de Idiomas (Valorarase unicamente o certificado de máis nivel dentro dunha mesma lingua)		
	B1	0,5 puntos
	B2	1 punto
	C1	2 puntos
	C2	3 puntos

	Certificado de Grao (lingua de destino) Máster en Filoloxía (lingua de destino) Dobre nacionalidade ou lingua materna.	4 puntos
Participación do alumnado en actividades de voluntariado: recollida de alumnado incoming, participación nas Xornadas Erasmeiras...		0,5 puntos por actividade
Carta persoal de motivación (Explicando os motivos de solicitude a dito país e centro concreto de estudos. Valorarase a argumentación profesional e académica, a claridade e a pertinencia dos contidos da carta)		de 0 a 1,5 puntos

O alumnado seleccionado deberá manifestar a súa aceptación ou renuncia por escrito no prazo establecido de 15 días naturais (modelo na web da escola). Se pasado ese prazo non se presentase ningunha documentación entenderase que se renuncia á praza. De non existir causa xustificada e debidamente documentada, a renuncia a unha praza xa aceptada suporá a exclusión para posteriores convocatorias.

As prazas vacantes serán adxudicadas ás persoas suplentes sen que se produzan modificacións nas prazas xa asignadas e aceptadas polas persoas aspirantes seleccionados.

6. OBRIGAS DAS PERSOAS BOLSEIRAS

Antes da partida:

- Poñerse en contacto coa persoa coordinadora de mobilidade da ESADg para elaborar o seu contrato de estudos (*Online Learning Agreement*) co centro de acollida.
- Facer uso da aplicación gratuíta para smartphones e tablets *Erasmus+* (dispoñible para iOS e Android) para a tramitación da documentación e a consulta de información.
- Presentar en tempo e forma a documentación que lle sexa requirida.
- Matricularse das materias da ESADg que se queiran validar.
- Realización da proba de nivel de idioma OLS.
- Manter contacto regular coa ESADg, informando de todas as novidades da mobilidade.

Durante a estada no centro de destino:

- Remitir por correo electrónico no prazo máximo de 10 días dende a incorporación ao destino a certificación de chegada (modelo dispoñible na páxina web).
- Permanecer no destino ate o final do período previsto e realizar os estudos e exames

para os que se lle concedeu a axuda.

- Remitirille a persoa coordinadora os datos de contacto durante a estadia no estranxeiro: teléfono e enderezos postal e electrónico.
- Manter contacto periódico coa persoa coordinadora a través do enderezo electrónico.

Ao fin do período de mobilidade:

- No prazo máximo dun mes logo de finalizar a estadia, entregarlle a coordinadora de Erasmus + na ESADg o documento orixinal de estancia (certificado de ter realizada a estadia satisfactoriamente) e “Certificado de Notas / *Transcript of records*”, así como entregar o informe final da experiencia segundo modelo establecido.
- Cubrir no período máximo dun mes logo de finalizar a estadia e enquisa de avaliación interna da ESADg.

7. RENUNCIA

No suposto de que non se leve a cabo a estadia sen causa xustificada de forza maior, non se cumpra a asistencia esixida no centro de destino ou que non se entregue a documentación solicitada no punto anterior en prazo, as persoas bolseiras deberán devolver a contía da bolsa. A ESAD de Galicia terá dereito a reclamar o importe da axuda, polo incumprimento das bases desta norma.

MOBILIDADE ERASMUS + DE PROFESORADO E PERSOAL

O persoal administrativo e docente que desexe realizar unha mobilidade Erasmus+ poderá optar por **impartir docencia (STA)** ou por realizar unha actividade para **recibir formación (STT)**. Tamén se pode asistir a aulas como ouvinte, tanto en centros públicos como privados ou empresas do sector (Jobshadowing). No primeiro caso, deberán contactar cun centro de ensino superior con Carta Universitaria Erasmus+ de forma coordinada coa Xefatura do Departamento de Mobilidade e ser aceptada a súa docencia dentro do currículo (*Teaching Agreement*) da institución de acollida. Esta actividade terá unha duración mínima de 2 días e máxima de 2 meses. A actividade deberá conter un mínimo de 8 horas.

A bolsa terá dous compoñentes diferentes: un pola viaxe, variable segundo a distancia co centro de destino, e outro polos días da estadia Erasmus+. As contías serán as seguintes:

1. Viaxe – Contribución ao custo da viaxe:

Distancias	Viaxe estándar – Importe	Viaxe ecolóxica - Importe
Entre 0 e 99 Km	23€ por participante	
Entre 100 e 499 Km	180€ por participante	210€ por participante
Entre 500 e 1999 Km	275€ por participante	320€ por participante
Entre 2000 e 2999Km	360€ por participante	410€ por participante
Entre 3000 e 3999Km	530€ por participante	610€ por participante
Entre 4000 e 7999Km	820€ por participante	
8000 Km ou máis	1500€ por participante	

2- Apoio individual para a mobilidade física:

País de destino	Persoal de países do programa
	Importe diario en EUR
Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Suecia	120
Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	105
Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia, Turquía	90

As mobilidades concedidas poderán realizarse dende o día 1 de abril de 2024 até o final do curso 2024-2025. Inicialmente, terán unha duración financiada máxima de 5 días de actividade e 2 días de viaxe para poder permitir a realización do maior número de mobilidades posible. No caso de ter fondos suficientes, no momento de facer o convenio de subvención informarase das contías exactas.

As solicitudes do profesorado serán realizadas a través do formulario online dispoñible na páxina web da escola. Este formulario terá que estar acompañado da seguinte documentación:

- Currículo actualizado con fotografía.
- Documentación acreditativa de coñecemento de idioma(s). Dependendo da institución de acollida esta documentación pode ser imprescindible ou non.
- Plan de traballo.

Antes da data de inicio da mobilidade, a persoa seleccionada terá que entregar o Anexo V (dispoñible na web da escola) confirmando que o equipo directivo aproba a realización da mesma.

A selección das persoas aspirantes farase en función de:

- Número de mobilidades concedido dende o SEPIE á ESAD-Galicia para o 2024/2025.
- Así como dun baremo no que se terá en conta:
 - ✓ Nivel do idioma requirido polo centro de destino e acreditado co certificado oficial de superación de exame ou proba de nivel segundo o Marco de Referencia Europeo (MERC). (máx. 4 puntos)
 - ✓ Resumo das actividades propostas para a mobilidade, plan de autoavaliación e impacto na comunidade educativa. (Máx. 2 puntos)
- No caso de que non haxa orzamento suficiente para o financiamento de todas as mobilidades solicitadas, terá prioridade o persoal que non participara no programa con anterioridade.

Baremo de puntuación das solicitudes:

Certificados oficiais de Idiomas (Valorarase unicamente o certificado de máis nivel dentro dunha mesma lingua)		
	B1	0,5 puntos
	B2	1 punto
	C1	4 puntos
	C2	5 puntos
	Certificado de Grao (lingua de destino) Máster en Filoloxía (lingua de destino) Dobre nacionalidade ou lingua materna.	4 puntos
Resumo das actividades propostas para a mobilidade, plan de autoavaliación e impacto na comunidade educativa.		Ata 2 puntos

No caso de empate e que non haxa suficientes fondos para financiar ambas mobilidades, á hora de desempatar terá prioridade a candidatura con maior puntuación no Plan de Traballo. No caso de persistir o empate, terase en conta a puntuación acadada no apartado de idiomas. Se aínda así o empate persiste, escollerase ao azar unha letra e será seleccionada a persoa cuxo primeiro apelido estea máis cerca da letra.

Para a convocatoria deste ano, so se aceptarán proxectos individuais.

Os centros de educación superior nos que o profesorado faga a estadía para docencia só poderán ser aqueles cos que haxa un Acordo Bilateral previo. Na actualidade, estes centros son os mesmos que se ofrecen para o alumnado. No caso de que algún docente desexe realizar a estadía noutro centro, o Acordo Bilateral deberá estar asinado coa suficiente antelación antes da mobilidade (mínimo 1 mes).

Recordamos ao profesorado que, atendendo a RESOLUCIÓN do 23 de agosto de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o recoñecemento, a certificación e o rexistro da participación do profesorado en proxectos europeos como actividades de formación permanente do profesorado; todas aquelas mobilidades realizadas dende o ano 2014 en adiante serán computables a efectos de sexenios segundo o baremo que figura

na citada orde. Prégase a todo o persoal que teña realizado mobilidades neste período e teña interese no recoñecemento se poña en contacto co Departamento de Mobilidade e Transición.

Mobilidade de alumnado e persoal con terceiros países non asociados ó programa

Nesta convocatoria Erasmus+, permítese a posibilidade de realizar mobilidades con terceiros países non asociados ó programa Erasmus+, tanto para alumnado como para persoal. Dende a Esad-G, concederemos unha bolsa para 1 estudante e 1 profesora/a. Os destinos poderán ser os seguintes:

Balcáns Occidentais (Rexión 1)	Albania, Bosnia e Herzegovina, Kosovo, Montenegro
Vecindade oriental (Rexión 2)	Armenia, Azerbaiyán, Bielorrusia, Georgia, Moldavia, Territorio de Ucraína recoñecido polo Dereito Internacional.
Países do Mediterráneo meridional (Rexión 3)	Arxelia, Exipto, Israel, Xordania, Líbano, Libia, Marrocos, Palestina, Siria, Túnez
Federación de Rusia (Rexión 4)	Territorio de Rusia recoñecido polo Dereito Internacional
Rexión 5: Asia	Bangladés, Bután, Camboya, China, Filipinas, India, Indonesia, Laos, Malasia, Maldivas, Mongolia, Myanmar/Birmania, Nepal, Pakistán, Sri Lanka, Tailandia e Vietnam Países de renda alta: Brunéi, Corea, Hong Kong, Xapón, Macao, Singapur e Taiwán
Rexión 6: Asia Central	Afganistán, Kazaxistán, Kirguistán, Tayikistán, Turkmenistán e Uzbekistán
Rexión 7: Oriente Medio	Irak, Irán e Yemen Países de renda alta: Arabia Saudí, Baréin, Emiratos Árabes Unidos, Kuwait, Omán e Qatar
Rexión 8: Pacífico	Fiyi, Islas Cook, Islas Marshall, Islas Salomón, Kiribati, Micronesia, Nauru, Niue, Palaos, Papúa Nova Guinea, Samoa, Timor Oriental, Tonga, Tuvalu, Vanuatu Países de renda alta: Australia, Nova Zelandia
Rexión 9: África subsahariana	Angola, Benín, Botsuana, Burkina Faso, Burundi, Cabo Verde, Camerún, Chad, Comoras, Congo, Costa de Marfil, Eritrea,

	Esuatini, Etiopía, Gabón, Gambia, Ghana, Guinea, Guinea-Bissau, Guinea Ecuatorial, Kenia, Lesoto, Liberia, Madagascar, Malauí, Mali, Mauricio, Mauritania, Mozambique, Namibia, Níger, Nigeria, República Centroafricana, República Democrática del Congo, Ruanda, Santo Tomé e Príncipe, Senegal, Seychelles, Serra Leona, Somalia, Sudáfrica, Sudán, Sudán do Sur, Tanzania, Togo, Uganda, Yibuti, Zambia, Zimbabue
Rexión 10: América Latina	Arxentina, Bolivia, Brasil, Chile, Colombia, Costa Rica, Ecuador, O Salvador, Guatemala, Honduras, México, Nicaragua, Panamá, Paraguay, Perú, Uruguay e Venezuela
Rexión 11: Caribe	Antiga e Barbuda, Bahamas, Barbados, Belice, Cuba, Dominica, Granada, Guyana, Haití, Jamaica, República Dominicana, San Cristóbal y Nieves, Santa Lucía, San Vicente e as Granadinas, Surinam e Trinidad e Tobago
Rexión 12: Estados Unidos e Canadá	Estados Unidos de América e Canadá
Región 13	Andorra, Mónaco, San Marino y Estado de la Ciudad del Vaticano
Región 14	Islas Feroe, Reino Unido, Suiza.

Os requisitos e o baremo para a solicitude da bolsa serán os seguintes:

-Para alumnado: os mesmos que na convocatoria cos países do programa (Ver páxina 3)

-Para o profesorado e persoal:

- Os mesmos que na convocatoria cos países do programa (Ver páxina 11)

- Non ter realizado unha mobilidade con estes países con anterioridade.

En ambos casos, valorarase a solicitude realizada e serán tidos en conta os centros de destino segundo a orde de preferencia que establece a Comisión Europea para a realización de mobilidades Erasmus+ con países asociados. Non se garantirá a posibilidade de realización da mobilidade en tódolos países anteriormente mencionados e en tódalas actividades de mobilidade (Mobilidade de estudantes para estudos e prácticas e Mobilidade de persoal para a docencia e a formación).

As contías dependerán das condicións da persoa solicitante, o país de destino e a distancia entre as dúas institucións involucradas, tendo en conta os seguintes criterios:

Para mobilidades de alumnado (SMS e SMP):

-Axuda por viaxe: só dispoñible para o alumnado que reciba a bolsa do Ministerio de Educación durante o curso 2023-2024.

Distancias	Viaxe estándar – Importe	Viaxe ecolóxica - Importe
Entre 0 e 99 Km	23€ por participante	
Entre 100 e 499 Km	180€ por participante	210€ por participante
Entre 500 e 1999 Km	275€ por participante	320€ por participante
Entre 2000 e 2999Km	360€ por participante	410€ por participante
Entre 3000 e 3999Km	530€ por participante	610€ por participante
Entre 4000 e 7999Km	820€ por participante	
8000 Km ou máis	1500€ por participante	

-Axuda por actividade: Dependerá do país de destino

-Terceiros países non asociados ó programa da rexión 14: 350€ por mes

-Terceiros países non asociados ó programa da rexión 13: 300€ por mes

-Terceiros países non asociados ó programa das rexión 1-12: 700€ por mes

-Compoñentes adicionais:

-Axuda para mobilidades de longa duración para prácticas: 150€ adicionais por mes (só aplicable para as mobilidades ás rexións 13 e 14). Compatible coa axuda por bolsa do Ministerio.

-Axuda para o alumnado bolseiro do Ministerio durante o curso 2023-2024: 250€ adicionais por mes.

Para mobilidades de profesorado e persoal (STA e STT):

-Axuda por viaxe:

Distancias	Viaxe estándar – Importe	Viaxe ecolóxica - Importe
Entre 0 e 99 Km	23€ por participante	
Entre 100 e 499 Km	180€ por participante	210€ por participante
Entre 500 e 1999 Km	275€ por participante	320€ por participante
Entre 2000 e 2999Km	360€ por participante	410€ por participante
Entre 3000 e 3999Km	530€ por participante	610€ por participante
Entre 4000 e 7999Km	820€ por participante	
8000 Km ou máis	1500€ por participante	

-Axuda por actividade: Dependerá do país de destino

-Terceiros países non asociados ó programa da rexión 14: 120€ por día de actividade

-Terceiros países non asociados ó programa da rexión 13: 105€ por día de actividade

-Terceiros países non asociados ó programa das rexión 1-12: 180€ por día de actividade

- **Procedemento das reclamacións:**

As reclamacións terán de prazo o acordado nas Bases da Convocatoria (ver taboa de prazos). Faranse mediante un escrito dirixido ao Departamento de Mobilidade e Transición e no que se atenderá as alegación en base aos criterios establecidos nas baremacións da convocatoria.

ENTREGA DE SOLICITUDES**MOBILIDADE ERASMUS+ DE ESTUDANTES E PERSOAL**

A documentación entregárase de forma virtual a través do formulario online publicado na web da escola, dirixido ao Dpto. de Mobilidade e Transición, sempre dentro dos prazos indicados.

Os **prazos** que regularán esta convocatoria son os seguintes:

30 de novembro 2023	Publicación e difusión da convocatoria na ESAD
1 de decembro 2023 - 14 de xaneiro 2024 (as 23:59h)	Período de presentación de solicitudes.
24 de xaneiro 2024	Resolución da CCP.
25 de xaneiro 2024	Publicación da <i>listaxe provisional</i> de persoas seleccionados/as.
26 - 29 de xaneiro 2023	Prazo de reclamacións.
31 de xaneiro 2023	Publicación da <i>listaxe definitiva</i> .
7 de febreiro 2023	Data límite para aceptación ou renuncia de bolsa.

INFORMACIÓN

Departamento de Mobilidade e Transición: international@esadgalicia.com



MOVILIDAD DE ESTUDIANTES Y PERSONAL DE EDUCACIÓN SUPERIOR FINANCIADA CON FONDOS DE POLÍTICA INTERIOR (KA131-HED) CONVOCATORIA ERASMUS+ 2023

AYUDAS INDIVIDUALES: MOVILIDAD DE ESTUDIANTES

MOVILIDADES FÍSICAS DE LARGA DURACIÓN (2 A 12 MESES)

	Para estudios		Para prácticas	
	Ayuda ordinaria	Estudiantes con menos oportunidades*	Ayuda ordinaria	Estudiantes con menos oportunidades*
Grupo 1 - Países con costes de vida más altos. Países de la UE y asociados al programa: Alemania, Austria, Bélgica, Chipre, España, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Bajos, Portugal. Países no asociados al programa de la región 14: Islas Faroe, Noruega, Suiza.	350 €/mes	600 €/mes	500 €/mes	750 €/mes
Grupo 2 - Países con costes de vida medios. Países de la UE y asociados al programa: Alemania, Austria, Bélgica, Chipre, España, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Bajos, Portugal. Países no asociados al programa de la región 13: Andorra, Croacia, en la Ciudad del Vaticano, Mónaco, San Marino.	300 €/mes	550 €/mes	450 €/mes	700 €/mes
Grupo 3 - Países con costes de vida más bajos. Países de la UE y asociados al programa: Bulgaria, Chequia, Croacia, Eslovenia, Estonia, Estonia, Hungría, Lituania, Letonia, Maldivas, Polonia, Rumanía, Serbia, Turquía.	250 €/mes	500 €/mes	400 €/mes	650 €/mes
Países no asociados al programa de las regiones 1 a 12.	700 €/mes	950 €/mes	700 €/mes	950 €/mes

MOVILIDADES FÍSICAS DE CORTA DURACIÓN (5 A 30 DÍAS)

	Para estudios		Para prácticas	
	Ayuda ordinaria	Estudiantes con menos oportunidades*	Ayuda ordinaria	Estudiantes con menos oportunidades*
Hasta el día 14 Todos los países del mundo.	79 €/día	100 € adicionales para toda la movilidad	79 €/día	100 € adicionales para toda la movilidad
Del día 15 al 30 Todos los países del mundo.	56 €/día	150 € adicionales para toda la movilidad ¹	56 €/día	150 € adicionales para toda la movilidad ²

¹ No acumulable a la anterior.
² No acumulable a la anterior.

* Se consideran estudiantes con menos oportunidades los que se encuentren en alguna de las siguientes situaciones (ayuda no acumulativa si presentan más de un perfil):

- Discapacidad**
 - Tener reconocida y calificada legalmente una discapacidad en grado igual o superior al 33 por ciento, o un grado de discapacidad equivalente, en el caso de estudiantes extranjeros.
- Obstáculos socioeconómicos**
 - Ser beneficiario de una beca de estudios de carácter general de la Administración General del Estado para realizar estudios universitarios y otros estudios superiores o de una beca del Departamento de Educación del País Vasco, o de una beca para la escolarización de estudiantes de niveles no universitarios concedida por el Departamento de Educación del País Vasco en el curso inmediatamente anterior al que se vaya a realizar la movilidad o en el curso académico en el que se realice la movilidad.
 - Percebir la unidad familiar una prestación de ingreso mínimo vital / Renta Mínima de Inserción o cualquier otra prestación de igual o similar naturaleza, según la denominación adoptada en cada Comunidad Autónoma.
 - Estar en riesgo de exclusión social.
 - Pertener a una familia numerosa o monoparental.
 - Encontrarse en una situación de especial necesidad y emergencia social.
 - Ser víctima de terrorismo, de violencia de género o en situación de orfandad.
 - Encontrarse en una situación de dependencia o con dependientes a cargo.
 - Tener un contrato de trabajo a tiempo completo.
- Obstáculos geográficos**
 - Estar matriculado en un centro situado en las Ciudades Autónomas de Ceuta o Melilla, o estar empadronado en dichas ciudades, en caso de que la matrícula se realice en una institución educativa no presencial.
- Problemas de salud**
 - Padeecer problemas físicos o mentales que genere la necesidad de apoyo adicional.
- Diferencias culturales**
 - Tener la condición de refugiado o con derecho a protección subsidiaria o haber presentado solicitud de protección internacional en España, o en otro país, en caso de participantes entrantes.

AYUDAS INDIVIDUALES: MOVILIDAD DE PERSONAL

MOVILIDADES FÍSICAS (HASTA 60 DÍAS)

	Hasta el día 14	Del día 15 al 60
Grupo 1 - Países con costes de vida más altos. Países de la UE y asociados al programa: Alemania, Austria, Bélgica, Chipre, Eslovenia, Estonia, Hungría, Lituania, Letonia, Polonia, Rumanía, Serbia, Suiza, Malta, Países Bajos, Portugal. Países no asociados al programa de la región 14: Islas Faroe, Noruega, Suiza.	120 €/día	84 €/día
Grupo 2 - Países con costes de vida medios. Países de la UE y asociados al programa: Alemania, Austria, Bélgica, Chipre, España, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Bajos, Portugal. Países no asociados al programa de la región 13: Andorra, Croacia, en la Ciudad del Vaticano, Mónaco, San Marino.	105 €/día	73,5 €/día
Grupo 3 - Países con costes de vida más bajos. Países de la UE y asociados al programa: Bulgaria, Chequia, Croacia, Eslovenia, Estonia, Estonia, Hungría, Lituania, Letonia, Maldivas, Polonia, Rumanía, Serbia, Turquía.	90 €/día	63 €/día
Países no asociados al programa de las regiones 1 a 12.	180 €/día	126 €/día

AYUDAS DE VIAJE: ESTUDIANTES Y PERSONAL

Distancias ¹	En caso de viaje estándar	En caso de viaje ecológico
Entre 10 y 99 km:	23 EUR por participante	-
Entre 100 y 499 km:	180 EUR por participante	210 EUR por participante
Entre 500 y 1.999 km:	275 EUR por participante	320 EUR por participante
Entre 2.000 y 2.999 km:	360 EUR por participante	410 EUR por participante
Entre 3.000 y 3.999 km:	530 EUR por participante	610 EUR por participante
Entre 4.000 y 7.999 km:	820 EUR por participante	-
8.000 km o más:	1.500 EUR por participante	-

AYUDAS PARA LAS ORGANIZACIONES

Categoría presupuestaria	Costes subvencionables y normas aplicables	Importe
Apoyo organizativo	Costes directamente relacionados con la ejecución de las actividades de movilidad (salvo los gastos de viaje y estancia de los participantes). Mecanismo de financiación: contribución a los costes unitarios. Regla de asignación: en función del número de participantes en la movilidad.	Movilidades 400 € hasta el participante nº 100 y 230 € a partir del participante nº 101 Programas intensivos combinados 400 € por participante (mínimo 15 - máximo 20)
Apoyo a la inclusión	Costes relacionados con la organización de actividades de movilidad para participantes con menos oportunidades que necesiten apoyo adicional sobre la base de los costes reales. Mecanismo de financiación: contribución a los costes unitarios. Regla de asignación: en función del número de participantes con menos oportunidades que reciban apoyo adicional sobre la base de los costes reales a través de la categoría de apoyo a la inclusión.	100 € por participante
Costes excepcionales	Costes derivados de la garantía financiera, si la agencia nacional la solicita. Gastos de viaje elevados de los participantes. Mecanismo de financiación: costes reales. Regla de asignación: el solicitante debe justificar la solicitud, que debe ser aprobada por la agencia nacional.	80% de los costes admisibles

¿QUIÉN PUEDE PERCIBIR CADA AYUDA?

	Ayuda de viaje	Ayuda adicional de 50€ para viaje ecológico	2 días adicionales de ayuda individual para viaje estándar	4 días adicionales de ayuda individual para viaje ecológico ¹
Estudiantes				
Movilidades de larga duración: De Canarias.	✓	✗	✗	✓
Movilidades de larga duración: Del resto de CC.AA.	✗	✓	✗	✓
Movilidades de corta duración.	✗	✓	✓	✓
Movilidades de corta duración: Estudiantes con menos oportunidades.	✓	✗	✓	✓
Movilidades internacionales: programa, excepto regiones 13 y 14.	✓	✗	✗	✓
Movilidades internacionales: hacia países no asociados al programa de las regiones 13 y 14.	✗	✓	✗	✓
Personal	✓	✗	✓	✓

¹ Calculadora de distancias disponible en https://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/resources/distance-calculator_es
² El viaje ecológico se define como aquel que utiliza medios de transporte con bajas emisiones en el tramo principal del trayecto, por ejemplo, el autobús, el ferrocarril o el automóvil compartido.
³ Obligatorio para los estudiantes con menos oportunidades; opcional para las instituciones en el resto de los casos.
⁴ En el caso de que no se perciba ayuda de viaje.



Formularios de inscrición:

- Mobilidades de estudo de alumnado (SMS): <https://forms.gle/op48kyijkwADqcpeA>
- Mobilidades de prácticas de alumnado (SMP): <https://forms.gle/9nZC6F5nwZT3Xf5Y7>
- Mobilidades de profesorado para docencia (STA): <https://forms.gle/s4CYGBTv6daaLFzQ8>
- Mobilidades de profesorado para formación (STT): <https://forms.gle/SpSfrHZp1jHtWXBH6>